



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Pesqueiro

Rúa dos Irmandiños, s/n - Salgueiriños
15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 61 77 - Fax 981 54 61 38

galicia

CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MAR E A ASOCIACIÓN GALEGA DE CARPINTERÍA DE RIBEIRA (AGALCARI) POLO QUE SE DE REGULAN AS CONDICIÓNS NAS QUE SE LLE CONCEDE UNHA SUBVENCIÓN PREVISTA NOMINATIVAMENTE NA VIXENTE LEI DE ORZAMENTOS DA NOSA COMUNIDADE AUTÓNOMA PARA A REALIZACIÓN, DURANTE O ANO 2016, DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN E FOMENTO DA CARPINTERÍA DE RIBEIRA.



En Santiago de Compostela, a 22 de abril de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, D^a. Rosa M^a Quintana Carballo como conselleira do Mar, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, ó abeiro das facultades que lle concede o artigo 34 da lei de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia (Lei 1/83, do 22 de febreiro).

Doutra D. Ramón Collazo Mosquera, como Presidente da Asociación galega de carpintería de ribeira (AGALCARI), e en representación da mesma, conforme as facultades recollidas no artigo 25 dos seus estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das Entidades que representan, teñen conferidas.

DECLARAN

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia marítima, de pesca, marisqueo e acuicultura e de investigación mariña, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía, consonte co estipulado no artigo 148.1.17 da Constitución española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería do Mar vén desenvolvendo entre outras unha serie de actuacións encamiñadas á diversificación económica das comunidades pesqueiras do litoral, sendo prioritarias nos últimos anos aquelas orientadas a acadar a sustentabilidade das actividades e o mantemento e fomento daquelas que presentan potencialidades de emprego e de redución do impacto ambiental, obxectivo que se ve reforzado polo que ten de contribución ao mantemento das comunidades de pescadores.

Que a Asociación galega de carpintería de ribeira (AGALCARI) é unha entidade asociativa empresarial sen animo de lucro, de carácter público, que ten como fins fundamentais a representación, defensa e promoción dos intereses económicos, sociais, profesionais e culturais



dos seus afiliados; o poñer en marcha estratexias de desenvolvemento do sector; o fomento da solidariedade entre os seus asociados, promocionando e creando servizos comúns de natureza asistencial e de servizos e a organización de actividades formativas e de promoción cultural dos seus socios, así como a difusión e información sobre a carpintería de ribeira ao sector pesqueiro e a sociedade galega en xeral.

Que dentro das accións en realización atópanse as actividades de dinamización e fomento da carpintería de ribeira promovidas a través de accións de formación e divulgación, da elaboración de estudos e documentos técnicos, das publicacións de boletíns informativos, do mantemento dun portal web sobre as mesmas e outras propias do día a día da entidade.

Que estas actividades contribúen de maneira importante ao mantemento da actividade e a súa innovación creando produtos e actividades de uso marítimo, pesqueiro e de lecer vinculados ao mar, que se encadran dentro das actuacións de diversificación promovidas pola consellería.

Que no estado de gastos da Lei de orzamentos deste exercicio figura unha subvención nominativa á Asociación galega de carpintería de ribeira (AGALCARI), por importe de 28.000,00 €, (proxecto 2015 00595), que ten por obxecto contribuír ao financiamento das actividades da entidade no ámbito que lle é propio.

Que polo exposto, e tendo en conta o establecido no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e o 36 a) do Regulamento desta Lei, procede establecer un acordo de colaboración entre ámbalas dúas entidades para a súa realización.

En consecuencia, ámbalas dúas entidades acordan establece-lo presente convenio de colaboración, segundo as seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto regular a subvención económica concedida pola Consellería do Mar (en diante a Consellería) á Asociación galega de carpintería de ribeira (AGALCARI), para o financiamento do desenvolvemento de actividades de dinamización e fomento da carpintería de ribeira no ano 2016, consonte ao establecido no presente convenio.

SEGUNDA.- Finalidade da subvención.

A realización das actividades propias da dinamización e fomento da carpintería de ribeira que se enumeran:

Actividades de funcionamento da propia Asociación en canto contribúe a dinamización e fomento da carpintería de ribeira.

Mantemento e actualización da páxina web da Asociación.

Edición de boletíns informativos e calquera outro gasto de difusión sobre as actividades.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Pesqueiro

Rúa dos Irmandiños, s/n - Salgueiriños
15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 61 77 - Fax 981 54 61 38

galicia

Organización de reunións, seminarios, congresos, feiras e outros ou no seu caso asistencia a este tipo de eventos que teñan como obxecto a promoción e fomento da construción naval en madeira.

Realización de estudos e edición de publicacións sobre a carpintería de ribeira.

Adquisición de equipamento necesario para o funcionamento da asociación ou a realización das actividades.

TERCEIRA.- Gastos elixibles

Os gastos imputables son aqueles realizados por AGALCARI no desenvolvemento das actividades obxecto do convenio tales como os do persoal, gastos de desprazamento deste persoal, gastos de material consumible de oficina, da contratación externa de realización de actividades e outros que teñan vinculación directa co obxecto fixado na cláusula segunda, realizados durante o ano 2016 cos límites de importe máximo de 8.000,00 € para aqueles de funcionamento e de 20.000,00 € para aqueles de investimento e servizos.

No caso dos gastos de persoal o gasto imputable á contratación de persoal non poderá exceder do importe do salario fixado no convenio colectivo de aplicación á entidade. No caso dos gastos de desprazamento do persoal os custes terán o seu límite nas contías que para estas indemnizacións se establecen ao persoal con destino na Administración Autónoma de Galicia para o grupo 2º no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 96/2011, de 5 de maio.

CUARTA.- Importe e contía da subvención.

A Consellería do Mar achegará un importe máximo de VINTEOITO MIL EUROS (28.000,00 euros) que se financiarán por importe de 8.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 14.03.722A.481.7 (proxecto 2015 00 595) e por importe de 20.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 14.03.722A.781.7 (proxecto 2015 00 595) do orzamento en vigor para 2016.

Será condición necesaria para a sinatura do presente convenio que as retribucións do persoal da Asociación estean adaptadas ao disposto no Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico. Requisito que será acreditado mediante certificación do secretario da asociación xunto coa debida xustificación documental que proceda.

QUINTA.- Concorrenza de subvencións

O importe das subvencións percibidas para este proxecto non poderá en ningún caso ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario. Ao efecto de poder comprobar tal extremo nas xustificacións de pagamento debe presentarse declaración das axudas solicitadas e concedidas coa mesma finalidade.



SEXTA.- Obrigas do beneficiario.

A Asociación galega de carpintería de ribeira (AGALCARI) comprométese a:

- Dedicar integramente o importe desta axuda á realización das actividades propias da dinamización e fomento da carpintería de ribeira.
- Ao seguimento conxunto coa CONSELLERÍA do desenvolvemento das accións anteriormente descritas.
- A poñer en coñecemento da CONSELLERÍA calquera incidencia que afecte á realización ou desenvolvemento posterior das accións efectuadas, proporcionándolle toda canta información que sobre as accións obxecto deste convenio lle sexa requirida.
- No caso de que o beneficiario concerte con terceiros a execución total ou parcial das actividades mencionadas, a cumprir o disposto polo artigo 27 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- A prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ó Consello de Contas.

Ademais son obrigas do beneficiario todas as establecidas polo artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia.

O beneficiario da axuda consente expresamente a inclusión dos datos relevantes desta subvención nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei de Subvencións de Galicia

A concesión da subvención implica a autorización, á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos establecidos polo artigo 20-3º, parágrafo terceiro, da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

SÉTIMA.- Forma de pagamento e xustificación da subvención

A Consellería do Mar, ao abeiro do establecido nos artigos 62, 63-1 Un e 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, efectuará o libramento da axuda ao ritmo de execución e xustificación do gasto e en todo caso antes do 15 de decembro de 2016, mediante a presentación da seguinte documentación:

Xustificantes de gasto (facturas ou equivalentes) e documentación xustificante do seu pagamento.

Documentación acreditativa do cumprimento do resto dos requisitos establecidos

Declaración, expedida polo órgano competente da entidade, de cada gasto realizado, indicando que teñen relación co obxecto do convenio.

Declaración das actividades realizadas.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Pesqueiro

Rúa dos Irmandiños, s/n - Saqueiriños
15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 61 77 - Fax 981 54 61 38

galicia

Declaración responsable, expedida polo órgano competente, comprensiva das outras axudas percibidas ou solicitadas para este proxecto, na que se indique entidade concédente, data e importe total concedido.

Para a materialización dos referidos libramentos será necesaria a emisión de certificación favorable da Consellería do Mar.

De acordo co artigo 29.2 da Lei de Subvencións de Galicia considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención.

OITAVA.- Reintegro da subvención.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos polo artigo 33 da Lei de Subvencións de Galicia, e a través do procedemento establecido polo artigo 37 e seguintes da mesma Lei.

NOVENA.- Normativa de referencia.

Todas as actuacións de xestión das actividades do obxecto deste convenio, estarán suxeitas á normativa vixente en materia de axudas e subvencións constituída pola Lei 9/2007 de 13 de xuño de 2007 de subvencións de Galicia e polo seu Regulamento aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro e por calquera outra de aplicación.

DÉCIMA.- Información e publicidade

En tódalas actividades de carácter público que se realicen en relación co obxecto deste convenio, figurará, o apoio da Consellería da maneira que resulte máis procedente mediante mención escrita ou a inserción da imaxe corporativa.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de seguimento

O seguimento e control do establecido no presente convenio realizarase por unha comisión de seguimento formada polo Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ou persoa en quen delegue e o Xefe de Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro, e o Presidente ou persoa en quen delegue e o Secretario, ámbolos dous de AGALCARI.

DÉCIMO SEGUNDA.- Resolución de controversias

En caso de controversia sobre a interpretación e aplicación das cláusulas deste convenio, estas resolveranse por pola comisión prevista na cláusula anterior.

No caso de que subsista o desacordo, dita cuestión controvertida someterase ao coñecemento da Xurisdición Contencioso Administrativa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.- Autorización para a publicación dos datos dos asinantes no Portal de Transparencia.

Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e mais no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Pesqueiro

Rúa dos Irmandiños, s/n - Salgueiriños
15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 61 77 - Fax 981 54 61 38

galicia

Goberno Aberto.

DÉCIMO CUARTA.- Vixencia e efectos

A duración do presente convenio alcanza ata o trinta de decembro de dous mil dezaseis, sen
posibilidade de prórroga.

O presente convenio entrara en vigor o día seguinte o da súa sinatura

POLA CONSELLERÍA DO MAR



A CONSELLERÍA
R.D. 0/96 30-03-92 (D.O.G. 12-04-92)
D.A. 6º Decreto 120/2004 (D.O.G. 26-10-04)
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Asda.: Susana Rodríguez Carballeira

POLA ASOCIACIÓN GALEGA DE
CARPINTERÍA DE RIBEIRA